

CRA
BOQUEIXÓN -VEDRA
"NEIRA VILAS"

P.E.



2023-2024

ÍNDICE

1. MARCO LEXISLATIVO.....	Pax. 4
2. ONDE ESTAMOS? A QUEN NOS DIRIXIMOS? QUEN SOMOS?.....	Páx. 5
2.1. ONDE ESTAMOS.....	Páx. 5
A. Características do contorno escolar	
I. Datos do centro	
II. Contorno social, demográfico, económico e cultural	
III. Contorno lingüístico	
2.2. A QUEN NOS DIRIXIMOS?.....	Páx. 13
2.1. As familias e o alumnado	
2.3. QUEN SOMOS?.....	Páx. 15
A. Confesionalidade	
B. Lingua de aprendizaxe	
C. Liña metodolóxica	
D. Valores	
E. Modelo de xestión	
F. Persoal do centro	
1. Órganos colexiados.....	Páx. 19
1.1. Claustro	
1.1. Consello	
2. Órganos de coordinación docente.....	Páx.23
2.1. Equipos	
2.2. CCP	

2.3.	ENDL	
2.4.	Equipo de actividades complementarias e extraescolares (Anexo12)	
3.	ALUMNADO.....	Páx. 27
4.	OFERTA EDUCATIVA.....	Páx. 28
5.	HORARIO.....	Páx. 29
6.	SERVIZOS COMPLEMENTARIOS.....	Páx. 29
3.	QUE PRETENDEMOS.....	Páx. 29
a.	A nivel educativo.....	Páx. 29
b.	A nivel organizativo.....	Páx. 33
1.	NORMAS DE ORGANIZACIÓN, FUNCIONAMENTO E CONVIVENCIA(anexo 1)	
1.1.	PROXECTO DE XESTIÓN DE CENTRO(anexo 2)	
2.1.	PROXECTO AVALIACIÓN INTERNA(anexo 3)	
c.	A Nivel curricular.....	Páx. 34
✓	LEXISLACIÓN	
✓	PLAN DE ACCIÓN TITORIAL	
✓	CONCRECIÓN CURRICULAR EI/EP(Anexo 4)	
✓	PROGRAMA DE ATENCIÓN A DIVERSIDADE (Anexo 5)	
✓	PLAN DE IGUALDADE, CONVIVENCIA E BENESTAR (dentro das NOFC)	
✓	PROXECTO DE VIDA ACTIVA E DEPORTIVA (Anexo6)	
✓	PROXECTO LECTOR DE CENTRO (Anexo 7)	
✓	PROXECTO LINGÜÍSTICO (Anexo 8)	
✓	PLURINFANTIL (Anexo 9)	
✓	SECCIÓN BILINGÜE (Anexo 10)	
✓	PLAN DE ACOLLIDA (Anexo 11)	
✓	PLAN DIXITAL (Con ligazón a Educalidade da Xunta de Galicia)	
4.	DIFUSIÓN, REVISIÓN E AVALIACIÓN DO PE.....	Páx. 41

1. MARCO LEGISLATIVO:

- **LOMLOE. Lei orgánica 3/2020**, do 29 de decembro, polo que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación.
- **LOE. Texto consolidado da Lei Orgánica 2/2006**, do 3 de maio, de Educación, coas modificacións da LOMLOE.
- **LODE. Texto consolidado da Lei Orgánica 8/1985**, de 3 de xullo, reguladora do Dereito a Educación.
- **Real Decreto 95/2022**, do 1 de febreiro, polo que se establece a ordenación e ensinanzas mínimas da Educación Infantil
- **Real Decreto 157/2022**, do 1 de marzo, polo que se establecen a ordenación e ensinanzas mínimas da Educación Primaria
- **Decreto 150/2022, de 8 de setembro**, por el que se establece la ordenación y el currículo de la educación infantil en la Comunidad Autónoma de Galicia y se regula la evaluación en esa etapa educativa.
- **Decreto 155/2022, de 15 de setembro**, por el que se establecen la ordenación y el currículo de la educación primaria en la Comunidad Autónoma de Galicia y se regula la evaluación en esa etapa educativa.
- **R.O.C. Decreto 374/1996**, do 17 de outubro. Regulamento orgánico das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria. (DOG 21-10-96)
- **Orde que regula a organización dos Centros de Infantil e Primaria. Orde do 22 de xullo de 1997** pola que se regulan determinados aspectos de organización e funcionamento das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria (DOG. 02-09-97). Modificación parcial desta orde (adscripción funcional e horarios).(DOG 06-07-2010)
- **DECRETO 229/2011, do 7 de decembro**, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación
- **ORDE do 25 de xaneiro de 2022** pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia
- **ORDE do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro**, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación
- **Circular 2/2021 da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional pola que se precisan aspectos da Orde do 2 de marzo de 2021** pola que se regula o dereito do alumnado á obxectividade na avaliación e se establece o procedemento de reclamación das cualificacións obtidas e das decisións de promoción e obtención do título académico que corresponda, en Educación Infantil, Educación Primaria, Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato, para o curso 2020-2021.

2. ONDE ESTAMOS. A QUEN NOS DIRIXIMOS. QUEN SOMOS

2.1. ONDE ESTAMOS

A. Características do contorno escolar

I. Datos do Centro

O noso centro trátase dun centro público encadrado dentro dos Centros Rurais Agrupados de Galicia. Na Orde do 7 de Xullo de 2014 publicouse o catálogo do centro no que aparecemos como un centro con sete unidades, aínda que dende hai varios cursos contamos con 7 unidades en funcionamento, 3 delas situadas no Concello de Boqueixón e catro en Vedra. Dispoñemos de 6 escolas, xa que na escola de San Xián hai dúas unidades e estas complétanse coas unidades de Camporrapado, Sergude, Lestedo (en Boqueixón) e San Fins de Sales e Sarandón. Cada unha das escolas ten uns espazos e materiais diferenciados polo que a continuación pasaremos a explicar os recursos materiais dos que dispoñemos en cada unha das escolas así como na sede administrativa do centro.

- Escola de Camporrapado: A escola de Camporrapado ten unha unidade na planta superior na están alumnos/as de 3 ,4 e 5 anos. Na aula da planta inferior é onde se levan a cabo as especialidades de EF e os recreos a cuberto, e contamos cun pequeno almacén no que se gardan materiais de psicomotricidade, mobiliario excedente e os xogos do patio. Precisamente en relación ó patio dicir que contamos cun patio cuberto de amplas dimensións no que están situados un areeiro, randeiras, bambáns, tobogán e unha casiña de madeira, o cal foi renovado e acondicionado no curso 2021-2022. En canto ás aulas as dúas contan con conexión a internet, material didáctico vario(puzles, regretas, libros, construcións...), un panel interactivo, instalado recentemente na aula de arriba e PDI con proxector na aula de abaixo, unha biblioteca de aula e o mobiliario oportuno para desenvolver a actividade docente. Estas características fanse extensibles ó resto das escolas do CRA. Esta escola foi totalmente rehabilitada no curso 2016/2017 nun Proxecto de Mellora dentro do PAS tanto exterior coma interiormente.

- Escola de Sergude: esta escola conta con 2 aulas, nunha delas desenvólvense as actividades de psicomotricidade e educación física e actividades puntuais diversas, mentres que na outra aula é onde se desenvolven a maioría das actividades educativas

da titora e dos mestres/as especialistas. Conta con un panel interactivo, instalado recentemente na aula principal e PDI con proxector na aula secundaria. Esta escola tamén conta con unha ampla zona de xogos e patio cuberto, o cal foi acondicionado polo Concello no curso 2021-2022 e consta de randeiras, bambáns, tobogán e areeiro. Esta escola foi totalmente rehabilitada no curso 2016/2017 nun Proxecto de Mellora dentro do PAS tanto fachada exterior, carpintería, acabados, calefacción,...

- Escola de Lestedo: esta escola conta con 2 aulas, nunha delas desenvólense as actividades de psicomotricidade e educación física e actividades puntuais diversas, mentres que na outra aula é onde se desenvolven a maioría das actividades educativas da titora e dos mestres/as especialistas. Conta con un panel interactivo, instalado recentemente na aula principal. A planta de abaixo ten un pequeno almacén onde se gardan os xogos do patio e o material de limpeza, un baño e tamén hai outro local que está sen acondicionar xa que é dunha asociación que de desfixo fai anos. O patio exterior foi acondicionado polo Concello con chan de cortizo, randeiras, bambáns e areeiro o curso 2021- 2022 resaltando a colocación da cuberta sobre a zona de xogo. Esta escola foi totalmente rehabilitada no curso 2016/2017 nun Proxecto de Mellora dentro do PAS tanto exterior coma interiormente

- Escola de San Xián: dende fai dez cursos, nesta escola temos unha unidade de infantil e outra de primaria.

Dicir que esta escola tivo unha notable mellora xa no ano 2014 o Concello solicitou unha desafectación das vivendas desta escola e propuxo un proxecto de mellora para a escola. Renováronse os baños e o recibidor e a parte de arriba tivo unha notable mellora e está a disposición da escola. De feito, unha das aulas superiores empregariámola como aula de psicomotricidade e Educación Física e outros despachos cos que conta, dedícanse a traballar co alumnado de A.L. Este verán, dende o concello pintou a escola. Ámbalas dúas aulas, contan cos seus respectivos paneis interactivos, instalados a finais do curso pasado.

- Escola de San Fins: Conta con dúas aulas: nunha delas desenvólense actividades puntuais diversas, como traballo co alumnado de A.L. ou talleres varios, mentres que na outra aula é onde se desenvolven a maioría das actividades educativas da titora e dos mestres/as especialistas. Esta escola ademais conta cun patio exterior, que xa necesita que se lle cambien os elementos polo uso e paso do tempo, xa que dende o curso 2014-

2015 non se lle fixo ningún mantemento. Dende a pandemia, hai un local, que pertencía a unha asociación, que o concello deixa usar para desenvolver a materia de psicomotricidade e Educación física e mesmo serve de patio cuberto. A comezos do curso 2022-2023, o concello cambiou o tellado desta escola e este verán pintouna.

- Escola de Sarandón: esta escola conta con 2 aulas, nunha delas desenvólvense as actividades de psicomotricidade e educación física, mentres que na outra aula é onde está o alumnado, levándose a cabo a maioría das actividades educativas do titor e especialistas. Conta tamén con un patio exterior dotado con diferentes xogos nos que os pais e nais da escola estiveron moi implicados por conseguir, xunto co centro e o concello.

Cabe dicir que dende os Concellos lévanse a cabo de xeito continuado, melloras e acondicionamento nas escolas.

II. Contorno social, demográfico, económico e cultural

O noso centro, o CRA Plurilingüe Boqueixón Vedra "Neira Vilas" foi o primeiro CRA que agrupou escolas de dous concellos limítrofes. Deste xeito, para situarnos imos a describir as principais características dos concellos de Boqueixón e Vedra.

O **Concello de Boqueixón** está situado a 10Km. escasos de Santiago de Compostela, no sur da provincia da Coruña e no centro-oeste de Galicia. Situado na vertente dereita do río Ulla, limita cos seguintes concellos: ao norte con Santiago e O Piñeiro; ao sur con Vedra, Estrada e Silleda; ao este con Touro e Vila de Cruces e ao oeste con Santiago e Vedra.

Conta cunha superficie total de 70 Km² ao longo dos cales se distribúen as catorce parroquias que confórmano: Boqueixón, Codeso, Donas, Gastrar, A Granxa, Lamas, Ledesma, Lestedo, Loureda, Oural, Pousada, Sergude, Sucira e Vigo.

Este concello está constituído por unha sucesión de vales e montes que descenden para o río Ulla. Forma parte do chamado Chanzo de Santiago, que é o espazo morfolóxico que se estende desde a dorsal galega para o Océano Atlántico, coa forma dun peniplano arrasado que descende suavemente de altitude.

Como xa mencionamos, o concello sitúase na vertente dereita do río Ulla mentres que o seu límite setentrional se sitúa na vertente meridional da Monte Amenal, os cales fan de liña divisoria hidrográfica entre os ríos Ulla e Tambre. Polo tanto, todos os ríos do municipio verten as súas augas no Ulla, o cal fai límite municipal e provincial no extremo SE do mesmo, converténdose así no curso fluvial con máis xerarquía de Boqueixón.

O clima é determinante tanto para as actividades económicas que se levan a cabo no concello como para a formación do medio natural existente. A estación meteorolóxica do Aeroporto de Lavacolla (lindeiro co concello) e a de Quián (Sergude), achegan os datos estatísticos fundamentais para o coñecemento do clima de Boqueixón.

A influencia oceánica é o trazo máis definitorio deste clima. Desta forma, as temperaturas salientan pola súa suavidade, cunha media anual de 12,8 °C.

Boqueixón abarca unha gran superficie dedicada a monte, de xeito que aparecen repoboacións de piñeirais, eucaliptos, montes mixtos e montes de frondosas. Outra parte do concello está dedicada a terras de cultivo e praderías, ademais da estrutura vexetal típica da marxe dos ríos.

A poboación coa que conta o Concello de Boqueixón é dun total de 4.470 habitantes, unha densidade de poboación de 63,28 hab./Km.

A estrutura socioeconómica do concello mostra uns trazados propios dunha área rural cun importante índice de persoas dedicadas á agricultura e gandería, un elevado número tamén se dedica á construción e manufacturación, quedando en terceiro lugar o sector servizos.

O Concello de Boqueixón conta cunhas paraxes naturais de extraordinaria beleza, de feito o gran interese que esperta Boqueixón como destino turístico atópanse estreitamente ligado coa natureza e a paisaxe.

Numerosas estradas forestais percorren a enorme masa forestal das parroquias máis norteñas do concello. Contamos con dous miradores naturais, na cima do monte Castrelo, en Loureda, enclave desde onde contemplar gran parte de Boqueixón e da cidade de Santiago de Compostela e o outro denominado Pena do Curvo, en Codeso, desde onde apréciase o Gundián. Numerosos ríos e regatos serpentean por todo o

concello ata chegar ao río Ulla. Os principais afluentes do Ulla son o río Záramo, o Pontillón e Carballás. Nos montes de Boqueixón son numerosísimas as robleadas pero son dous fraguas as que se levan os honores pola súa beleza e servizos, a de Rodiño, en Sergude, e a de Sucira, ao lado do leito do Ulla. Ámbas contan con áreas recreativas, bancos para o descanso dos visitantes, grellas e o mobiliario necesario para preservar o medio ambiente. Outros lugares de gran interese natural son as áreas recreativas, a parte das dúas anteriormente mencionadas contamos coas de Gastrar e Ponteledesma.

Todas elas sitúanse ao lado dun río o cal incrementa o seu atractivo, o seu valor e a súa beleza. Están dotadas do equipamento normativo para o uso de visitantes, é dicir, zonas de recreo infantil, bancos, mesas, papeleiras, contedores..., sempre procurando o coidado da contorna medio ambiental por parte do visitante.

No seu paso pola parroquia de Ledesma o río Ulla forma unha serie de illas, unidas entre si por pasarelas peonís. Estas illas están repletas de carballos e son un reduto ideal para pasar o día, estando consideradas como unha das paraxes máis fermosas da comarca. Conta con palco de música, bancos e incluso unha pequena praia fluvial á que acoden numeroso bañistas na época estival.

Pero se a algo está ligada a historia do Concello de Boqueixón é ó seu principal fito xeográfico e maior riqueza natural-cultural co que conta: o Pico Sacro, unha das montañas máis míticas e coñecidas de Galicia, que tantas lendas nos agasallou ao longo dos séculos e segue a ser pedra viva da tradición xacobeá, pasando a vía da Prata, a carón deste monte sagrado.

A silueta do Pico Sacro serve de punto de referencia paisaxístico, non só no noso concello se non tamén en amplas zonas circundantes. Este Pico é unha fonte innumerable de lendas e contos populares, esta montaña é venerada polos habitantes da comarca antes e despois do cristianismo, cumprindo un papel esencial no mito do traslado do corpo do Apóstolo Santiago.

O **Concello de Vedra** está situado no corazón do val do Ulla, no límite xeográfico da provincia da Coruña, co río Ulla como fronteira natural. Os veciños concellos de Santiago e Boqueixón lindan con el polo N., A Estrada faíno polo S. e polo L., e Teo polo O.

As principais vías de comunicación que atravesan o seu territorio son: a N-525 Santiago-Ourense que, en Ponte Ulla enlaza coa estrada que vai de Arzúa a Padrón (LC-241), e a Autoestrada Santiago-Ourense, que ten unha peaxe na parroquia de San Mamede de Ribadulla.

A superficie do Concello é, aproximadamente, duns 52 km², distribuídos en 12 parroquias: San Xián de Sales, Santo André de Illobre, San Fins de Sales, Santa Eulalia de Vedra, Santo André de Trobe, San Pedro de Sarandón, San Miguel de Sarandón, San Cristovo de Merín, San Pedro de Vilanova, San Mamede de Ribadulla, Santa Cruz de Ribadulla e Santa María Madalena de Ponte Ulla; nas que habitan 5.054 habitantes (censo de 2002). A capital municipal encóntrase na parroquia de Vedra, na Avda. Mestre Manuel Gómez.

A nosa xeografía está indiscutiblemente marcada polo **río Ulla**, que atravesa boa parte do territorio meridional e oriental, e que recolle, así mesmo, as augas doutros afluentes como o **Pereiro, o Tomonde, o Buxeiros ou o San Cristovo**. O relevo en xeral é suave, e destaca como única altura importante Penas Pardas, nas proximidades do Pico Sacro, que acada os **449 m. de altitude**. O clima, en xeral, pode cualificarse de temperado, con influencias oceánicas.

Vedra acada a súa sona, ademais de pola traxectoria cultural e social, pola súa ubicación xeográfica.

Importantes redes de estradas e liñas férreas atravesan o municipio, unindo a capital galega e Ourense. As boas vías de comunicación e a aposta por un crecemento sostible, amparado nos principios do Plan Xeral de Ordenación Municipal, fan das terras vedresas un lugar idóneo para residir.

Pero ademais das modernas vivendas, numerosas e variadas empresas teñen cabida neste concello coruñés, o que favorece a creación do futuro Parque Empresarial da Gaiosa. Os avances da industria, xunto coa evolución dos sectores servizos e primario, coa horta como referente da agricultura ecolóxica e da produción integrada, son o resultado dun concello elemental como é Vedra.

Á hora de falar da arquitectura civil de **Vedra** e, en xeral, de toda Galicia, hai que mencionar unha das tipoloxías máis propias da nosa terra, os pazos, concibidos como casas señoriais que servían de residencia ás grandes familias.

Pazo de Ortigueira: Foron moitos os que se construíron ás marxes do río Ulla, sobre todo como residencias de descanso dalgunhas familias de Compostela. Un deles, quizais o mellor conservado, é o **pazo de Ortigueira** ou **de Santa Cruz de Ribadulla**, declarado ben de interese cultural. A orixe do pazo está na chegada dun membro da familia vasca dos Mondragón que enlazou por vía matrimonial cos Abraldes de Compostela no século XVI. Un descendente deles recibiu de Carlos II, a finais do século XVII, o título de Marqués de Santa Cruz de Ribadulla. Outro señor do pazo, Xoán Ignacio Armada, mandou o Batallón Literario de Santiago durante a Guerra da Independencia, época na que foi residencia temporal do político e escritor Gaspar Melchor de Jovellanos. O pazo presenta unha fachada alongada con dúas portas sobre as que aparece cadanseu escudo cos emblemas e a cruz de Santiago. O edificio principal únese á capela, que está en fronte, por medio dun corpo transversal cun gran arco de paso. Mención merece pola súa arquitectura e iconografía a barroca fonte da Coca e o hórreo, ámbolos dous do século XVII.

Pazo de Guimaráns: Moi preto do anterior atópase o **pazo de Guimaráns**, que é un bo exemplo de barroco galego, pois presenta os seus elementos máis característicos. O edificio foi levantado no século XVII polos Abraldes de Santiago, unha das familias máis distinguidas da burguesía compostelá, que recibiu nese mesmo século o marquesado de Monroi. Por relacións matrimoniais uníronse á familia dos marqueses de Santa Cruz de Ribadulla, a actual propietaria do conxunto

Pazo de Ximonde: Destaca tamén o **pazo de Ximonde**, na parroquia de San Miguel de Sarandón. Trátase dun grande edificio en forma de L coa fachada principal orientada ao exterior e unha gran galería sobre arcadas dirixida ao interior. Os Cisneros, descendentes de Alfonso XI, foron os donos deste recinto, que posuía esta gran finca co seu correspondente couto de pesca no Ulla. Este título de Condes de Ximonde concedeuillo Carlos II en 1766.

Pazo de Vista Alegre: Na Ponte Ulla, atopamo-lo **pazo de Vista Alegre** , que alberga actualmente as instalacións dun restaurante. Deste edificio, que pertenceu a unha coñecida familia da burguesía compostelá, destaca a torre con balconada de pedra e a nobre fachada mirando ao río.

Pazo da Costa: En San Mamede de Ribadulla atopámo-lo **Pazo da Costa**, rodeado de granxa agrícola, con capela e unha pequena solaina.

O medio rural no que se asenta o Vedra fai do seu territorio un magnífico espazo verde e natural que non deixa de sorprender. Claro exemplo disto atopámolo nos **xardíns do Pazo de Ortigueira** , en Santa Cruz de Ribadulla, considerado como un dos principais espazos botánicos de Galicia.

Son moitas as sorpresas que reserva o paseo polos xardíns: fontes de pedra, estanques de nenúfares, innumerables variedades de camelias (flor que se cultiva nestas terras), buxos, magnolios... currunchos con historia propia.. e singulares variedades de árbores exóticas. Os elementos máis característicos deste conxunto son a **Carreira das Oliveiras** , o **Estanque Redondo**, a **cascada** , a **Fonte de Jovellanos** , a **Fonte da Señora**.

O concello de Vedra está a impulsar unha serie de medidas que propician o desenvolvemento local sostible. A preservación dos recursos naturais, a ordenación do territorio, a inclusión na Rede Española de Cidades polo Clima ou na Rede de Gobernos Locais + Biodiversidade 2010, son algunhas das accións implantadas para favorecer un crecemento controlado e respectuoso co medio ambiente.

Apóstase pola reciclaxe, a eliminación de vertedoiros incontrolados e a xestión de residuos. A recollida selectiva do lixo, un punto limpo de residuos voluminosos xunto coa dotación de saneamento a través da rede de sumidoiros e depuradoras de augas residuais son xa realidades en defensa dos recursos e dos espazos naturais.

Por outra banda, para contribuír ao aforro enerxético e a unha menor contaminación ambiental, promóvese o uso de métodos e servizos ecoeficientes.

Finalmente destacar que tanto Vedra como Boqueixón, inclúense no Plan de Transporte Metropolitano da Xunta e que dende os concellos lévanse a cabo diversas campañas de sensibilización.

Un de esos programas é o Programa Educativo Ulla Elemental é o libro de ruta que busca suscitar as consciencias, educar as sensibilidades e provocar sinerxías arredor do noso patrimonio, xerando posibilidades culturais, económicas, de cohesión social. Este programa busca contribuír ao desenvolvemento comunitario e a posta en valor dos recursos endóxeos partindo da base da sostibilidade natural, social e cultural, á vez que trata de ofrecer unha alternativa innovadora e cun alto grao de proxección cara o futuro, apostando pola implicación activa de toda a comunidade socieducativa.

III. Contorno lingüístico

A práctica totalidade da poboación ten como lingua materna e vehicular o galego. O uso da lingua galega é moi maioritario nestes concellos aínda que hai pequenas excepcións no que se aprecian casos de nenos que viven en ámbito rural pero falan castelán. A parte disto estase a percibir un incremento de familias estranxeiras que flan moi pouco castelán e o idioma do seu país de orixe.

2.2. A QUEN NOS DIRIXIMOS?

2.1. Ás familias e ao alumnado

É intención do noso centro que a relación coas familias sexa un dos sinais de identidade do noso centro, de aí o noso lema: "educando en familia". Imos procurar que o centro sexa en todo momento un centro aberto ás familias para que se sintan unidas á escola, colaborando, participando e formando connosco un bo equipo. Despois do momento COVID, retomouse a vida do CRA e contamos coas familias para as saídas, festivais, convivencias... Para logralo, é fundamental a participación delas no día a día e tamén nos órganos de goberno do centro como o Consello Escolar. Mantemos o contacto diario persoal nas entradas e saídas mais tamén a través das aplicacións dixitais como Abala Móbil.

Mantemos actualizada a Web do centro e as diferentes plataformas do CRA así como as redes sociais nas que estamos presentes, Realizamos sempre reunións do

profesorado especialista, equipo de orientación e o equipo directivo con cada unha das escolas para presentar o curso.

Temos un horario bastante aberto para atender as necesidades das familias que así o desexen. Deste xeito, as familias que non poden asistir ás titorías nas horas establecidas, chegando sempre a un consenso e atopar o xeito de solventar cada problemática e que esas xuntanzas se fagan nun horario acorde ás necesidades das familias.

A tipoloxía das familias responde polo xeral ás seguintes configuracións:

- a. Familias nucleares nas que unha parella convive cos seus fillos, entre un e dous polo xeral. Nalgúns casos conviven tamén con avós.
- b. Familias nas que os proxenitores non son conviventes.

Outra vía de participación das familias é a **asociación de nais e pais un exemplo de colaboración**, que contribúe á dinamización da comunidade educativa do noso centro:

- Participando na vida escolar do CRA **colaborando co centro na mellora da educación dos nosos fillos**.
- Formando un **nexo de unión** entre todas as escolas para ser un ente único como CRA que somos aínda que nos separen moitos quilómetros de distancia.
- Promovendo, xunto co centro educativo, **actividades en datas sinaladas, por exemplo no Nadal, o día do festival de Entroido, festa de fin de curso...**
- Colaborando na **organización de actividades** co centro dentro do horario lectivo.
- E sempre dentro dun talante positivo e colaborador motivando a todo o CRA.

O alumnado

No noso centro escolarízase alumnado de 3 a 7 anos, desde 4º de Educación Infantil a 2º de Educación Primaria. As características da poboación das áreas nas que se asenta o CRA fai que teñamos un alumnado bastante homoxéneo tanto no que se refire á orixe étnica como á extracción socio-económica e cultural da que proceden.

2.3. QUENES SOMOS.

A. Confesionalidade.

Este centro é aconfesional, respectando todas as relixións tanto de profesorado como de alumnado e a posición de tódalas persoas que traballen neste centro será de absoluto respecto ás crenzas de cada persoa.

O centro é ideoloxicamente plural, sobre todo nos aspectos políticos e relixiosos e intentaremos que o alumnado forme os seus propios criterios e faga unha toma de decisións responsables.

B. Lingua de aprendizaxe.

Segundo os preceptos legais que nomeamos anteriormente en **Educación Infantil** o profesorado ten que usar a lingua materna predominante no alumnado, que no caso das nosas escolas é o galego, aínda que os mestres/as deben ter tamén en conta a lingua do contorno. O galego é a lingua vehicular pero tamén temos en conta que o alumnado debe adquirir progresivamente a outra lingua oficial, é dicir, o castelán, polo que esta tamén estará presente en diferentes actividades da aula, como a introdución de cancións, contos, poesías, películas, etc.

No relativo ás linguas estranxeiras concedéusenos no curso 2017/2018 o Proxecto Plurininfantil para os tres cursos do 2º Ciclo de Infantil e no curso 2014-2015 unha Sección Bilingüe para a área de expresión plástica en lingua estranxeira. Deste xeito o alumnado de EI ten dúas clases de 50' en lingua inglesa e o alumnado de educación primaria benefíciase de tres sesións semanais de 50'. Estas clases serán impartidas pola mestra de lingua inglesa do centro, que coordinará o proxecto plurininfantil e a sección bilingüe. Contaremos ademais cun auxiliar de conversa que esperamos se incorporará ao centro o 1 de outubro.

Acompañamos a este PE o Proxecto Plurininfantil e a programación da Sección Bilingüe.

En **Educación Primaria**. No centro garantiremos a adquisición da competencia lingüística propia da etapa nas dúas linguas oficias de Galicia, é dicir, o

galego e o castelán. Impartirase en lingua Castelán as áreas de Lengua , Matemáticas e Música e as restantes en galego.

C. Liña metodolóxica.

É practicamente imposible definir unha única liña metodolóxica xa que cada mestre/a aporta o seu estilo docente, o que se intenta desde o centro é establecer una liña de traballo baseada na comunicación e diálogo que nos leve a un consenso entre os diferentes estilos docentes tanto os que se que engloban diferentes e diversas estratexias metodolóxicas como son: clases expositivas, traballo principalmente sobre os libros de texto, aprendizaxe a través do descubrimento, traballo por proxectos, traballo cooperativo,etc.

Este PE non sería realista se establecese unha única liña metodolóxica ríxida que non dese liberdade de acción aos docentes, polo que o que se busca é o equilibrio e complementariedade entre os diversos métodos que se aplican nas escolas. Trátase pois de atopar puntos de encontro entre a observación directa, a actividade, as aprendizaxes significativas, a aprendizaxe por descubrimento, a funcionalidade das aprendizaxes, a alternancia entre individualización e socialización, etc.

A LOMCE falábanos da liberdade de cátedra referíndose a esta deste xeito: Os profesores no marco da Constitución, teñen garantida a liberdade de cátedra. O seu exercicio orientarase á realización dos fins educativos, de conformidade cos principios establecidos nesta lei. Tendo en conta este dereito tamén parece pertinente recordar unha cita de Sarramona, J. publicada en Cadernos de Pedagogía nº139 (Xullo -Agosto, páxinas 21-22) onde ben explica que *"Todo dereito ten límites. O dereito individual do profesor a escoller a metodoloxía e seleccionar os contidos ten como límite a harmonización destas eleccións coas que realicen o resto dos profesores, coas miras postas sempre no alumno"*.

Tamén é certo que tentamos mellorar a nosa metodoloxía e renovarnos cada día. É por isto que levamos a cabo proxectos de formación en centro relativos á mellora das nosas competencias docentes. Traballamos en proxectos conxuntos de cara a un mellor funcionamento e rendemento tanto do tempo como de espazos buscando a mellora de xeito continuado da aprendizaxe do noso alumnado.

D. Valores.

- Xerais: os valores xerais que intentamos promover desde o CRA Boqueixón-Vedra "Neira Vilas" son os valores na tolerancia (tanto ideolóxica, étnica como relixiosa), respecto aos dereitos humanos, solidariedade e colaboración.
- Normas sociais, cívicas e de conduta: respecto e coidado das dependencias do centro, respecto ás regras de organización colectiva, valores relacionados coa saúde e hixiene, cos traballos e a comunicación na aula, normas de uso dos materiais de traballo.
- Transversalidade: traballamos todos os temas denominados ata o de agora transversais para acadar a educación integral do noso alumnado tendo para isto en conta a educación para : a saúde e calidade de vida, a igualdade entre sexos, a paz, o lecer, educación ambiental, educación viaria e benestar emocional.
- Coeducación: A coeducación neste centro supón, entre outros compromisos orientar a actividade cara unha educación para a igualdade entre sexos. Propoñemos unha metodoloxía que trate de superar roles tradicionais do home e da muller, xa que no ámbito rural onde se sitúan as nosas escolas estes están aínda bastante arraigados. Coa coeducación pretendemos ademais de igualar e modernizar os tradicionais roles masculino e feminino que os nenos e nenas acepten plenamente a súa propia sexualidade e a dos demais.

Todo este traballo en valores enténdese como unha acción conxunta onde TODO o centro ten que remar na mesma dirección, entendendo que o equipo directivo e claustro deben consensuar, asumir e á súa vez proxectar os valores que crean positivos cara toda a comunidade educativa.

E. Modelo de xestión.

O noso modelo de xestión desenvólvese no marco de participación, autonomía e goberno dos centros educativos establecidos no artigo 123 da LOMCE.

O que buscamos é o predominio do **NÓS**, informando, compartindo, participando todos e todas das discrepancias entre individuos que enriquecen o todo. Para isto establecemos tódolos mecanismos necesarios para a participación efectiva de docentes, pais e nais, alumnado e Concellos para que formen parte real do proceso educativo no que todos e todas somos axentes de gran importancia.

Cremos que é necesario un compromiso real de implicación de toda a comunidade no proxecto educativo do noso centro, xa que nos ámbitos rurais como o noso, a inmersión no contorno é fundamental.

Somos escolas separadas por moita distancia pero que conformamos un CRA cun valor común de unión e ansia de formar unha gran familia que busca a mellora conxunta e diaria do noso alumnado.

Queremos formar unha maquinaria de unión entre Concellos, entre aldeas, parroquias que conviven e se xuntan para loitar polo ben do noso alumnado, esté na escola que esté e no concello que lle toque.

Todos somos un!!!!

Temos como un dos obxectivos primordiais o respecto ao alumnado, aos seus ritmos evolutivos e ás capacidades que cada neno/a ten, para isto o centro debe estar pensado como unha institución ao servizo dos seus usuarios, en primeira estancia ao alumnado, en segunda ás súas familias e por extensión á contorna na que se inserta o noso centro.

F. Persoal do centro

En relación ó persoal do centro dicir que o noso catálogo de postos de traballo segundo a **ORDE do 22 de xullo de 2021 pola que se modifican as unidades e os postos de traballo docentes dos centros públicos dependintes desta consellería nos niveles de educación infantil, educación primaria e educación especial**. Os postos de traballo do noso centro, cubertos por profesorado definitivo na súa totalidade, son os seguintes:

- Educación infantil..... 8
 - Educación Primaria..... 0
- (1 mestre de primaria na habilitación)
- Filoloxía Inglesa.....1
 - Educación Musical.....1

- Audición e linguaxe.....1
 - Formación Relixiosa.....1
 - Educación física.....1
 - Pedagogía terapéutica compartida.....1
 - Orientadora.....1
- Total..... **16**

As decisións de adscrición tomaranse segundo a lexislación vixente Orde do 28 de xuño de 2010 que modifica parcialmente a do 22 de xullo do 1997, escoitada a proposta da xefatura de estudos.

A continuación imos a ver como plantexamos a nosa organización pedagóxica entorno ao profesorado e demais membros da comunidade educativa.

1. ÓRGANOS UNIPERSOAIS E COLEXIADOS

Órganos de goberno unipersoais:

Son órganos unipersoais a Directora (a cal asume as competencias de Xefe/a de Estudos por tratarse dun centro de 7 unidades) e a Secretaria. Os seus nomeamentos, mandatos, funcións e ceses son os establecidos pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia.

CARGO	NOME E APELIDOS	DATA DE NOMEAMENTO
DIRECTORA	M ^a Elena García Iglesias	01/07/2022
SECRETARIA	Raquel García Fraga	01/07/2022

Órganos de goberno colexiados:

1.1. Consello Escolar

Segundo a lexislación vixente (Orde do 22 de xullo de 1997, pola que se regulan determinados aspectos de organización e funcionamento das escolas de Educación Infantil, Colexios de Educación Primaria e Colexios de Educación Infantil e Primaria dependentes da Consellería de Educación e Ordenación universitaria) a constitución do noso Consello escolar por tratarse dun centro de sete unidades debe contar cos seguintes membros:

- Directora que actuará como presidenta.
- 3 membros do claustro docente.
- 3 representantes de pais e nais de alumnos/as.
- Un representante do concello.
- A secretaria que actuará con voz pero sen voto.

Os membros do Consello Escolar renóvanse cada curso segundo a normativa vixente, no noso centro segue a seguinte quenda:

- 1º curso: renóvanse 2 pais e 1 mestre
- 2º curso: renóvanse 2 mestres e 1 pai/nai

Neste curso 2023/2024 segundo a normativa enviada :RESOLUCIÓN do 11 de setembro de 2023, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se establece o calendario para realizar eleccións para a constitución do consello escolar en centros docentes de nova creación e outros sostidos con fondos públicos, que indica o seguinte: *"Dado que no derradeiro trimestre do ano 2022 correspondeu a renovación de todos os consellos escolares no ámbito da Comunidade Autónoma, no presente ano é preciso constituír o consello escolar por primeira vez nos centros creados con posterioridade á citada renovación, ao tempo que se regulariza a situación daqueles centros que, por razóns de diversa índole, non realizasen as eleccións no citado proceso do ano 2022. Polo que: Os centros a que se refire este ordinal realizarán a renovación do consello escolar no ano 2024, coincidindo coa renovación do resto dos consellos escolares no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, de conformidade co establecido na normativa vixente.*

Deste xeito o noso Consello escolar manterase este curso do seguinte xeito

- Directora: M^a Elena García Iglesias
- 3 membros do claustro docente: M^a Luz Balado Ferreiro, Purificación Rodríguez Otero e Sabela Sanmartín Castro.
- 3 representantes de pais e nais de alumnos/as: Carlos Mirás Bello, Pilar Mallo Ansemil e Yolanda Costa Regueira
- Un representante do concello: Gonzalo Redondo Rendo.
- A secretaria: Raquel García Fraga

Dentro do Consello Escolar hai catro Comisións:

Comisión económica:

Presidenta: M^a Elena García Iglesias

Representante dos pais/nais: Carlos Mirás Bello e M^a Pilar Mallo Ansemil

Representante dos profesores: M^a de la Luz Balado Ferreiro

Representante do Concello: Gonzalo Redondo Rendo

Secretaria: Raquel García Fraga

- Celebración de reunións: unha cada trimestre.

Extraordinarias: as que se estimen oportunas.

Comisión de Convivencia:

Presidenta: M^a Elena García Iglesias

Representante dos pais/nais: Yolanda Costa Regueira.

Representante dos profesores: *Purificación Rodríguez Otero e Sabela Sanmartín Castro.*

Representante do Concello: Manolo Costa Carneiro

Coordinadora da Comisión de Convivencia: Raquel García Fraga

Secretaria: Raquel García Fraga

- Celebración de reunións: unha cada trimestre.

Extraordinarias: as que se estimen oportunas.

1.2. Claustro

Como ben sabemos, o claustro está composto por tódolos docentes do centro. Consta neste curso de 8 mestres de Educación infantil (6 titorías e 2 apoios), 1 de Educación primaria, unha especialista en lingua estranxeira, unha especialista en educación musical, unha especialista en educación física, un especialista en audición e linguaxe, unha mestra de formación relixiosa e Orientadora compartida co Ceip de ortigueira.

Este profesorado é o seguinte:

Educación Infantil:

- Eva Nieves Vieiro (E.E.I de Lestedo).Definitiva en centro.
- Ariana Alvarez Fernández (E.E.I deSergude). Definitiva en centro.
- Sabela Sanmartín Castro (EEI. De San Xián). Definitiva en centro.
- Sonia Iglesias Sánchez (EEI de San Fins) Definitiva en centro
- Mónica López Portas (E.E.I de Camporrapado). Definitiva en centro.
- Marta de Dios Recamán, mestra de apoio de EI, definitiva en centro.
- Vanessa Vila Iglesias, mestra de apoio de EI, definitiva en centro. Na actualidade en comisión por cargo directivo noutro centro. No seu lugar este curso está Tania Fraiz Guizán de xeito provisional.

Educación Primaria:

- Antonio Vázquez Turnes (CEIP de Sarandón). Definitivo en centro.

- M^a Luz Balado Ferreiro (EEI de S Xián, aula de Primaria). Definitiva en centro.

Lingua estranxeira- Inglés: Purificación Rodríguez Otero. Definitiva en centro.

Educación Musical: M^a Elena García Iglesias. Definitiva en centro.

Educación Física: Andrea Regueira Rodríguez. Definitiva en centro.

Audición e Linguaxe Jesús Comuñas Seoane. Definitivo en centro e na actualidade en comisión de servicio. No seu lugar temos este curso a David Alvite Pereira.

Formación Relixiosa: Raquel García Fraga. Definitiva en centro.

Pedagogía Terapéutica. Lorena Sanín Sánchez. Definitiva en centro e compartida dous días co ceip de Ortigueira, no veciño concello de Vedra.

Orientadora. Ana Isabel Martínez González

O persoal non docente

Na actualidade, o único persoal non docente con que conta o CRA é unha coidadora de alumnado con necesidades educativas especiais (neae), que se incorporou ao centro o 21 de setembro de 2023.

2. EQUIPOS DE COORDINACIÓN DOCENTE

Órganos de coordinación docente.

2.1. Equipos de ciclo: órganos básicos, encargados de organizar e desenvolver, baixo a supervisión da xefa de estudos, as ensinanzas propias do ciclo. Están compostos por tódolos docentes que imparten docencia no correspondente ciclo, polo que se fai constar que os profesores/as especialistas que imparten docencia nos distintos ciclos son compoñentes dos mesmos e deben participar nas reunións necesarias para o bo funcionamento do Ciclo.

A. Funcións:

- Coordinar as funcións de titoría dos alumnos de ciclo.

- Realiza-las Programacións de Ciclo de EI e EP de Centro, así como a Concreción Curricular que se inclúe neste Proxecto Educativo e da PXA de centro.
- Encargarse de programar actividades comúns a tódalas escolas en relación ás conmemoracións en colaboración co coordinador de actividades extraescolares e complementarias
- Formular propostas concretas ao Equipo Directivo e ao Consello escolar para a elaboración da PXA e das Normas de organización, funcionamento e convivencia do centro.
- Formular propostas á Comisión de Coordinación Pedagóxica para a elaboración da CC e do Plan de atención á diversidade .
- Formular propostas para a elaboración dos distintos proxectos e plans do centro: lector, lingüístico, de biblioteca, Tics,de convivencia,...
- Prestar atención ós alumnos con N.E.A.E., solicitando, cando sexa posible, a intervención do equipo de orientación dependente.
- Decidir e coordina-lo tipo de información que se deba transmitir ás familias para acadar-la maior interacción posible familia-Centro.
- Colaborar coa secretaria na actualización do inventario do centro.
- Responsabilizarse de que se levanta acta das reunións e de que se elabore a memoria de fin de curso.
- Atender ás recomendacións da xefa de estudos, especialmente nas relativas ao reforzo educativo, adaptacións curriculares e actividades complementarias.

1.2. Coordinadoras de distintos equipos:

- Educación Infantil: Ariana Álvarez Fernández
- Educación Primaria. M^a de la Luz Balado Ferreiro.

2.2. **Comisión de Coordinación pedagóxica:** integrada pola directora, secretaria nomeada, coordinadoras de ciclo, mestra de AL, a mestra de PT é

compartida e con centro base no CEIP de Ortigueira polo que non asiste ás nosas reunións, orientadora de centro e coordinadora do equipo de normalización lingüística. A estos nos incorporamos o resto do profesorado pois debido á idiosincrasia do noso centro precisamos facer as reunións de CCp conxuntas para conseguir un mellor funcionamento e aproveitamento da mesma.

A. Obxectivos:

- Valorar as propostas feitas polos equipos de ciclo sobre os proxectos curriculares de etapa, melloralas na medida do posible e levar, de ser o caso, ao Claustro para a súa modificación.
- Facer un seguimento do grao de cumprimento e aplicación do PE. Facer propostas ao Claustro, de ser o caso, das modificación que procedan.
- Facilitar a súa información e formación: temas legislativos, cursiños, conferencias, etc.
- Elaborar as directrices para o P.A.T.
- Velar polo cumprimento e posterior avaliación dos proxectos curriculares de etapa.
- Canalizar as necesidades do profesorado na súa formación.
- Propoñer aos profesores que han formar parte do ENDL

B. Compoñentes:

- Presidenta / Directora: M^aElena García Iglesias
- Secretaria/ Mestre de A.L: David Alvite
- Orientadora de centro: Ana Isabel González Martínez
- Coordinadora de Educación Infantil: Ariana Álvarez Fernández
- Coordinadora do 1º ciclo de Educación Primaria: M^a de la Luz Balado Ferreiro
- Coordinadora de Normalización Lingüística: Marta de Dios Recamán

2.3. Equipo de Normalización e Dinamización Lingüística

A. Funcións:

- Propoñer ao equipo directivo os obxectivos de normalización lingüística que potencien a lingua galega.
- Facer un seguimento do grao de consecución dos obxectivos de N.L. fixados polo PE do Centro. Facer propostas ao Claustro, de ser o caso, das modificacións que procedan.
- Fomentar na Comunidade Educativa actitudes positivas que faciliten o uso da nosa lingua.
- Potenciar o uso como medio vehicular de expresión oral e escrita nas relacións internas e externas de Centro.
- Facilitar ao profesorado información sobre temas relacionados coa lingua e a cultura galega: cursos, encontros, xornadas, publicacións...
- Prestar asesoramento ao Centro co fin de acadar a maior normalización e normativización da nosa lingua.
- Elaborar os documentos que esixe a lexislación vixente, é dicir o PLC e PSC.
- Motivar, organizar e facilitar a información precisa para a celebración de actividades conmemorativas de arraigo tradicional: Magosto, Nadal, Entroido, Letras Galegas...
- Organizar e celebrar a Semana das Letras Galegas cos realización de traballos interdisciplinares feitos polos alumnos/as.
- Estudar e formular propostas á Comisión Económica para a adquisición de material específico que fomente e facilite o uso e coñecemento da nosa lingua.
- Promover aquelas outras funcións que a Consellería de Educación prevexa na súa normativa específica.

B. Compoñentes do equipo de Dinamización da Lingua Galega

- ✓ Coordinador: Marta de Dios Recamán
- ✓ Antonio Vázquez Turnes
- ✓ M^a de la Luz Balado Ferreiro
- ✓ David Alvite Pereiro.

2.4. **Equipo de actividades complementarias e extraescolares:** o coordinador do equipo será Antonio Vázquez Turnes coa colaboración do profesorado implicado en cada actividade. Este equipo deberá:

- Realizar a principio de curso unha programación detallada onde se recollan as actividades que se teñen pensado desenvolver.
- Colaborar cos coordinadores/as de ciclo na programación destas actividades e reunirse polo menos unha vez trimestralmente (preferiblemente ao inicio do trimestre) para deseñar estas actividades de xeito detallado.
- Encargarse de todo o que conleva unha actividade deste tipo: elaborar as comunicacións ás familias, concertar o transporte, elaborar o plan de desenvolvemento da actividade, etc.

3. Alumnado do centro

En canto ó alumnado dicir que este curso contamos no centro con 65 alumnos/as matriculados distribuídos do seguinte xeito:

	4º Infantil	5º Infantil	6º infantil	1º Primaria	2º Primaria	Total
San Xián (2 unidades)	5	3	2	3	4	17
San Fins	0	1	3	2	2	8
Sarandón	1	2	0	1	3	7

Lestedo	1	4	1			6
Sergude	3	3	11			17
Camporrapado	4	2	4			10
Total	14	15	21	6	9	65

A ratio media é de 10 alumnos/as por escola, aínda que como se pode comprobar no cadro anterior os grupos son moi diversos. Dentro deste grupo dicir que non contamos con alumnado de minorías étnicas pero si estranxeiro, para o que, no seu momento, levouse a cabo o plan de acollida, aínda que cabe sinalar que non houbo maior problema de integración, único salientable era a traba da lingua pero que non acarreeu maiores consecuencias para que houbera unha comunicación real.

4. Oferta educativa

O noso centro ofrece nas seis escolas o 2º Ciclo de Educación Infantil e nas tres escolas de Vedra, tamén se ofrece o 1º Ciclo de Educación Primaria, onde o alumnado pode cursar desde 4º de Educación Infantil ata 2º de Educación Primaria. Logo poden continuar estudos da etapa de Educación Primaria nos centros adscritos nas respectivas zonas: CPI Plurilingüe Antonio Orza Couto, de Boqueixón e CPI de Vedra. O alumnado ten garantida unha praza nos devanditos centros cando rematan estudos no CRA. Dende o curso 2017/2018 temos Pluriinfantil aprobado para o centro e desde o ano 2014/2015 aprobada a sección bilingüe. Tamen no curso 2007 concedéusenos o PLAMBE.

Levamos varios anos participando en Plan Proxecta: PVDA coas liñas Xogade e Móvete+, tamén Contratos Programa en accións como: INCLÚE, INNOVA...

Temos elaborado o Plan Dixital dende o curso 22-23.

Todo isto repercute na oferta educativa, xa que proporciona metodoloxías innovadoras con garantía de continuidade e con dotacións materiais e económicas.

5. Horario xeral do centro

O horario xeral de docencia do centro é de 9:00 a 14:00. O claustro de profesorado reúnese os martes á tarde de 16:00 a 18:00 para levar a cabo as reunións de coordinación docente.

6. Servizos complementarios

O CRA carece de servizos complementarios, máis disfrutan de merendas saudables antes do recreo, organizadas en colaboración coas familias e mesmo temos un acordo no que as familias que por mor da conciliación familiar, necesite deixar ao alumando un pouco antes. Temos a posibilidade de entrar ás 8:50 e saír ás 14:10, quedando ese tempo a cargo do profesorado que está na escola nese momento.

3. QUE PRETENDEMOS.

No momento de establecer os nosos obxectivos tivemos en conta que sexan reais, de difícil medición pero clara intencionalidade e sobre todo que impliquen unha vontade de planificación e desenvolvemento a posteriori que reflecta o tipo de educación que todos/as os membros do centro pretendemos acadar con todas e cada unha das accións do centro.

a. A nivel educativo

Establecemos os obxectivos educativos do noso CRA a 5 niveis que vemos a continuación:

i. A nivel de centro:

- Potenciar a participación de todos os membros da comunidade na xestión do centro. Cando se tomen decisións importantes, o órgano encargado de deliberar e decidir contará coa participación de pais e nais, profesorado e equipo directivo e cada un deles teñen que sentir que os seus puntos de vista son considerados e teñen importancia.

- A nosa meta prioritaria é satisfacer as expectativas das familias e conseguilo desde o respecto a toda a comunidade educativa, sempre e cando coincida coa filosofía e lexislación do centro.

- Buscar un ambiente de convivencia positiva fomentando o diálogo e a crítica construtiva.

- Motivar ao noso alumnado para que adquiran uns aprendizaxes realmente construtivos.

- Conseguir unha unión de todas as escolas para formar un único centro cun único Proxecto común, loitando no día a día pola unificación e a mellora da nosa consideración a todos os niveis tanto na Comunidade Educativa, como a nivel externo de toda a poboación educativa en xeral. Somos un centro ÚNICO conformado por seis escolas diferentes pero que se UNEN para acadar un obxectivo común que nos permita mellorar a nosa situación de Centro que xuntos consegue avanzar e mellorar a súa calidade educativa.

- Establecer relacións sistémicas de colaboración e coordinación cos demais centros da zona que neste caso son: o CPI de Vedra, O CPI Antonio Orza Couto, o CEIP Ortigueira e as Escolas de Educación Infantil municipais tanto do concello de Vedra como o de Boqueixón.

- O centro intentará prever calquera problema establecendo nas Normas de Organización, Funcionamento e Convivencia procedementos para resolvelos.

- Atención a diversidade: Ofrecer a todos os nosos alumnos/as , pois creemos que todos/as teñen algo de "especial", todos os recursos humanos e materiais dos que dispoñamos para conseguir o maior éxito persoal dos nenos/as. Para isto o **mestre de AL** realizará un Programa de Estimulación a linguaxe en cada unha das aulas e así mesmo levará a cabo programas de intervención específicos **fóra de aula**, pois creemos que se conseguen mellores resultados cunha intervención individualizada nesta especialidade pois os alumnos/as concéntranse máis e teñen un ambiente máis persoal coa especialista de AL que o que teñen dentro da aula con todo o grupo clase e o mestre/a titor. Este curso 23/24 debido á cantidade de alumnado con NEAE foi preciso que unha mestra de infantil impartise o PELO nas escolas debido á falta de horas do mestre de AL para poder facelo.

A **mestra de PT** fará reforzo educativo cos alumnos/as que así o precisen dentro da aula e en casos moi puntuais e específicos poderá sacalos da aula. Calquera destas mestras especialistas colaborará e asesorará en todo o momento ao titor/a . A Orientadora visitará tantas veces como sexa necesario as escolas para facer o seguimento, valoración e avaliación do traballo de ditas especialistas e facer as avaliacións psicopedagóxicas precisas, apoiar ás titorías e organizar o traballo do E.O.

- Linguas estranxeiras. Consideramos que o ensino da lingua inglesa nas idades temperás é primordial polo que a aposta por incentivar dito ensino é total, proba disto a participación do centro en plans de potenciación das mesmas: sección bilingüe e Plurininfantil.

ii. **A nivel alumnado:**

- Crear nas aulas e nas actividades conxuntas un clima de respecto e confianza onde o alumnado se sinta totalmente seguro e respectado.

- Lograr que o centro sexa un lugar agradable no que os alumnos e alumnas se sintan queridos e necesarios.

- Acadar que o alumnado respecte as normas do grupo.

- Dar a coñecer a súa realidade máis próxima e tamén outras moi diferentes ó que coñecen.

- Ofrecer a todos os nosos alumnos/as , pois creemos que todos/as teñen algo de "especial", todos os recursos humanos e materiais dos que dispoñamos para conseguir o maior éxito persoal dos nenos/as.

- Conseguir unha transición aos centros adscritos o máis sinxela posible establecendo canles de colaboración cos responsables destes.

- Intentar que todo o alumnado promocióne con éxito e poñer a disposición do alumnado todos os recursos dos que dispoñemos para que isto sexa posible.

iii. **A nivel profesorado:**

- Conseguir que todo o profesorado que forme parte do centro de forma provisional ou definitiva asuma os sinais de identidade aquí presentadas e forme parte activamente de tódolos proxectos e actividades desenvoltas polo centro.

- Informar e recibir de forma apropiada ao novo profesorado que se veñen incorporando ao longo do curso

- Procurar que o profesorado se sinta respectado por toda a comunidade educativa.

- Respetar en todo momento aos compañeiros/as do claustro tanto a nivel persoal como profesional. Cada quen ten unhas funcións no centro como especialista, titor, coordinador, equipo directivo,... que deben ser asumidas por cada un. Todos temos que saber o lugar que ocupamos no centro: cal é a nosa especialidade pola que optamos no concurso de traslados ao mesmo, o traballo a desenrolar,...; polo que aínda que colaboremos xuntos iso non nos dá dereito a interferir no traballo de outros. Se en algún momento discrepamos de como se leva a cabo algo na aula, o procedemento a seguir será primeiro intentar falar e comuncarse entre os afectados/as, logo informar e incluso presentar escrito ao equipo directivo, o cal tomará as medidas oportunas consultado, se fose necesario, á inspección educativa.

- Conseguir que todo o profesorado potencie a ensinanza activa na que se desenvolva a iniciativa e a creatividade, a capacidade de observación, crítica e adquisición de hábitos de traballo.

- Fomentar e acadar a colaboración entre todo o profesorado que imparte clase nun determinado grupo para acadar o máximo rendemento persoal dos nenos/as

- Realizar os esforzos necesarios para adaptar as programacións ás necesidades dos noso alumnos/as.

- Colaborar cos profesionais externos que brinden o apoio e recursos necesarios nun momento dado (p.ex. Atención Temperá, Aspanaes, gabientes externos...)

- Incluír ás familias do alumnado dentro do proceso educativo diario, non só informando de todo o que sucede nas escolas, senón facéndoos partícipes da programación de aula.

- Dadas as características do noso centro, manter informado ao equipo directivo de calquera suceso de importancia que atinx ás escolas e ao seu alumnado.

- Establecer o compromiso claro de colaboración cos mestres/as especialistas para completar as programacións e non solapalas.

- Potenciar o réxime de coeducación de xeito que se evite calquera discriminación.

iv. **A nivel pais e nais:**

- Transmitir confianza plena no centro.
- Informar continuamente de todos os procesos educativos e proxectos que se levan a cabo no centro.
- Intentar que á hora de tomar decisións importantes sexan considerados se sintan informados e con opción de participar.
- Conseguir que os pais e nais sexan un membro máis da comunidade escolar
- Artellar os procedementos axeitados para que contén coa información suficiente en relación coas actividades docentes e rendemento académico do alumnado.
- Potenciar a estreita colaboración coa ANPA e establecer liñas de actuación conxunta.

v. **A nivel de Equipo directivo:**

- Tomar as decisións máis equilibradas e xustas posibles para toda a comunidade educativa.
- Informar a tódolos membros da comunidade educativa en relación ás toma de decisións adoptadas.
- Buscar as canles necesarias para defender os puntos de vista os alumnos/as, pais e nais e dos órganos de participación e representación.
- Servir de canle de comunicación e informativa entre a administración e o centro en ámbolos dous sentidos.
- Estar actualizado e en constante formación.
- Unir a escolas separadas para formar un centro único cun proxecto común que busque a mellora de todos/as os que conformamos esta Comunidade educativa.

b. A nivel organizativo

1. **NORMAS DE ORGANIZACIÓN, FUNCIONAMENTO E CONVIVENCIA**

(Anexo 1 deste PE)

1.1. PROXECTO DE XESTIÓN DE CENTRO (Anexo 2)

1.2. PROXECTO DE AVALIACIÓN INTERNA (Anexo 3)

c. A nivel curricular.

✓ LEXISLACIÓN

Non podemos perder de vista os nosos referentes legais:

***DECRETO 150/2022, de 8 de setembro**, por el que se establece la ordenación y el currículo de la educación infantil en la Comunidad Autónoma de Galicia*

***DECRETO 155/2022, de 15 de setembro**, por el que se establecen la ordenación y el currículo de la educación primaria en la Comunidad Autónoma de Galicia.*

LOMLOE. Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, polo que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación.

Plan Director para a convivencia e a mellora da seguridade nos centros educativos e nos seus contornos para o curso 2022/2023.

Estratexia galega de convivencia 2015 - 2020 ([ENLACE aos diferentes PROTOCOLOS](#))

- **Guía de actuación ante casos de violencia de xénero**

- **Protocolo de Protección de datos**

- Ley 4/2011, de 30 de junio, de convivencia y participación de la comunidad educativa (BOE Sábado 30 de julio de 2011)

- 27/01/2015 | **DOG - DECRETO 8/2015, do 8 de xaneiro**, polo que se desenvolve a **Lei 4/2011, do 30 de xuño**, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.

- 31/01/2014 | **Protocolo para a prevención e o control do absentismo escolar en Galicia**

Enlace á web para anexos

- **Real Decreto 3/2018, do 12 de xaneiro**, polo que se modifica o **Real Decreto 275/2007, do 23 de febreiro**, polo que se crea o **Observatorio Estatal da Convivencia Escolar**.

Todo o noso traballo xira en torno a esta lexislación na busca constante de que o alumnado interaccione co medio e todos os seus elementos, que adquiran a capacidade de analizar as súas relacións, observación do contorno e incorporen progresivamente as

pautas adecuadas de comportamento, disposición para compartir e para resolver conflitos mediante o diálogo atendendo especialmente a relación entre nenos e nenas. Por todo isto levamos a cabo no centro diversos proxectos:

➤ **Recollidos no PEC:** Proxecto Lingüístico, Proxecto Plurinfantil, Sección Bilingüe, Proxecto Lector, Plambe, Plan Dixital, Plan de actividades físicas e hábitos saudables

➤ **Recollidos na PXA:** Os anteriores renovando obxectivos anualmente e engadimos: Tics (Roboticrá) , Proxecto Medioambiental, Proxecto Intercultural e o Proxecto de Dinamización e Normalización,

➤ É fundamental fomentar diferentes capacidades como:

- escoita, fala e conversa.
- Aproximación á serie numérica.
- Aproximación á lingua escrita e literatura.
- Iniciación na linguaxe audiovisual e tecnoloxías da información e comunicación.
- Potenciar a linguaxe artística.
- Participación en interaccións orais en lingua estranxeira, rutinas e situacións habituais de comunicación

✓ **PLAN DE ACCIÓN TITORIAL**

O Plan de Acción Titorial destaca, principalmente, as tarefas relativas a orientación e apoio ao alumnado tanto de forma individual como grupal, e a figura do titor/a. O PAT do CRA Boqueixón-Vedra "Neira Vilas" proporciona as actuacións específicas para lograr o bo funcionamento das titorías indicando os obxectivos das mesmas e os axentes (docentes, alumnado, profesorado, nais/pais) implicados en cada unha delas.

1. Organización e funcionamento das titorías.

No artigo 81º do Decreto 374/1996, do 17 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Orgánico das escolas de educación infantil e primaria, establécense as funcións titoriais que se poden resumir en:

a) Participar no desenvolvemento do plan de acción titorial e nas actividades de orientación, baixo a coordinación do xefe/a de estudos.

b) Proporcionar no principio de curso, ós alumnos/as e aos pais, información documental: calendario escolar, horarios, horas de atención a pais, actividades extraescolares e complementarias, programas escolares e criterios de avaliación.

c) Coñecer as características persoais de cada alumno/a.

d) Coñecer os aspectos da situación familiar e escolar que repercuten no rendemento académico de cada alumno/a.

e) Efectuar un seguimento global dos procesos de ensinanza-aprendizaxe dos alumnos/as para detectar dificultades e necesidades especiais.

f) Coordinar as adaptacións curriculares necesarias para os alumnos/as do seu grupo.

g) Facilitar a integración do alumnado no grupo e fomentar a participación nas actividades do centro.

h) Orientar aos alumnos/as dunha maneira directa e inmediata no seu proceso formativo.

i) Informar ao equipo de profesores das características do grupo de alumnos/as.

l) Coordinar o axuste das diferentes metodoloxías e principios de avaliación.

m) Organizar e presidir as sesións de avaliación.

n) Coordinar a avaliación dos alumnos/as do seu grupo e adoptar a decisión referente á promoción.

ñ) Atender aos alumnos/as nos períodos de lecer.

o) Colaborar co equipo de orientación educativa e profesional.

p) Colaborar cos demais titores no marco do proxecto educativo do centro.

q) Orientar as demandas e inquedanzas e mediar ante o resto de profesores, alumnos/as e equipo directivo nos problemas que se presenten.

r) Informar ao alumnado do grupo, ás familias e ao profesorado de todo aquilo que lles afecteen relación coas actividades docentes e o rendemento académico, con especial atención aos aspectos e medidas tendentes a facilitar a competencia lingüística do

alumnado nas dúas linguas oficiais.

- r) Facilitar a cooperación educativa entre os profesores e os pais dos alumnos/as.
- s) Exercer a coordinación entre os demais profesores/as do grupo.
- t) Cubrir os documentos oficiais relativos ao seu grupo de alumnos/as.
- u) Controlar a falta de asistencia ou puntualidade dos alumnos/as, e ter

informados aos pais e ao xefe/a de estudos.

v) Fomentar a colaboración das familias nas actividades de apoio, aprendizaxe e orientación dos seus fillos/as.

w) Aquelas outras que se lle puidesen encomendar para o mellor desenvolvemento da acción titorial.

2. Obxectivos, actuacións e axentes.

O Plan de Acción Titorial pretende acadar os seguintes obxectivos:

OBXECTIVOS	ACTUACIÓNS E AXENTES
A nivel de centro	
Contribuír á dinamización da planificación e organización educativa.	Creando as programacións de aula e programas educativos para o alumnado NEAE. (Docentes e D.O.)
Fomentar a convivencia e a resolución pacífica de conflitos.	A través do desenvolvemento de proxectos e actividades de centro. Toda a comunidade educativa (Docentes, alumnado e familia).

A nivel de alumnado	
Acoller ao novo alumnado de incorporación ao centro seguindo as actuacións acordadas.	Visita de novo alumnado no mes de xuño. (Docentes e D.O.)
Seguimento do período de adaptación na etapa de Educación Infantil.	Visita dos pais e do alumno/a aos centros antes do comezo das actividades lectivas. Reunión inicial de curso cos pais e nai para informar do funcionamento do centro e do curso.

<p>Seguimento do período de adaptación na etapa de Educación Infantil.</p>	<p>Levar a cabo actividades de presentación na aula para facilitar o coñecemento dos alumnos/as novos.</p> <p>Observación e seguimento do neno/a no período de adaptación. (Docentes e D.O.)</p>
<p>Contribuír á personalización dos procesos de ensino-aprendizaxe.</p>	<p>Coñecendo ao alumnado a través de revisión de expedientes, avaliación inicial,... (Docentes e D.O.)</p>
<p>Detección precoz de trastornos da linguaxe.</p>	<p>Observación e avaliación inicial do alumnado para a detección de posibles dificultades de fonético-auditivas. (D.O.)</p>
<p>Procurar a integración do alumnado no seu grupo e no conxunto da dinámica escolar.</p>	<p>Realizando actividades grupais, de cohesión social, habilidades sociais... (Docentes e, de ser necesario, D.O.)</p>
<p>Efectuar un seguimento global da aprendizaxe do alumnado para detectar dificultades e necesidades específicas de apoio educativo e organizar os apoios e/ou actividades axeitadas.</p>	<p>Docentes: A través das avaliacións, rexistros de aula, probas,...etc.</p> <p>D.O.: Participando nas avaliacións.</p>
<p>Coidar o proceso de transición á seguinte etapa educativa para garantir unha continuidade no proceso de ensino-aprendizaxe.</p>	<p>Visitar co alumnado que remata no noso centro os centros aos que están adscritos. Remitir expediente do alumnado aos centros receptores.</p> <p>Compartir información que consideremos de interese para garantir unha continuidade nas intervencións, sobre todo dos alumnos/as con NEAE. (Docentes e D.O.)</p>
<p>Potenciar o esforzo individual e o traballo en equipo.</p>	<p>Aplicando metodoloxías activas (Docentes).</p>

Desenvolver programas de adquisición de habilidades, estratexias de aprendizaxe, encadradas no propio currículo.	Débense realizar actividades de aula encamiñadas ao logro deste obxectivo. (Docentes e colaboración do D.O.).
Identificar as dificultades e potencialidades do alumnado con NEAE concretando as pautas de actuación e medidas para a súa atención.	A través da observación e rexistro do profesorado e a observación, avaliación e informe psicopedagóxico da orientadora.
Fomentar, no alumnado, actitudes cooperativas no centro e na súa contorna social e cultural.	A través de actividades complementarias e promovendo as actividades extraescolares.(Docentes e comunidade educativa).

A nivel de profesorado	
Coordinarse profesor-tutor, profesorado de apoio de alumnos/as con NEAE e a orientadora, de cara a dar resposta ás necesidades do alumnado.	Tutor/a, D.O., profesorado con dispoñibilidade horaria e de apoio.
Participar no proceso de avaliación formativa de cada grupo, informar ás familias e ao alumnado.	Participará todo o profesorado que imparta docencia no grupo e a Orientadora. A información transmítease ao tutor/a, a través dos boletíns, reunións,...
Planificar, desenvolver e avaliar o propio traballo.	Cada docente.

A nivel de familia	
Establecer contactos coas familias de forma individual ou colectiva co fin de asumir conxuntamente a orientación educativa dos seus fillos/as.	A través de reunións, Abalar, notas informativas,... (Docentes e D.O.)

Informar e asesorar ás familias de todo o alumnado.	(Docentes e D.O.)
Fomentar a participación dos pais nas actividades do centro.	A través de actividades nas que poidan participar as familias. (Docentes e D.O.)
Asesorar ás familias nos conflitos e situacións problemáticas que se poidan presentar.	Realizando reunións e entregándolles pautas de actuación. (Docentes e D.O.)
Solicitar a colaboración das nais e pais nas actividades de reforzo e apoio escolar, que, no seu caso, sexan necesarias para os seus fillos/as.	O/a titor/a realizará reunións individuais para explicar os obxectivos a acadar e como poden axudar dende o fogar. (O D.O. colaborará co/a titor/a)

3. Metodoloxía.

A principal estratexia a seguir polo titor/a é a de actuar como facilitador, respecto aos pais, centro, alumnos/as, procesos de aprendizaxe, especialistas,... O titor/a debe ser o coordinador propiciando un traballo cooperativo no desenvolvemento do Plan de Acción Titorial.

A metodoloxía a empregar para o desenvolvemento do plan deberá favorecer a participación activa e cooperativa por parte de todos os implicados/as. Para este fin realizaranse as reunións oportunas entre os diferentes axentes da comunidade educativa.

4. Seguimento e avaliación.

Ao longo do curso, o equipo de titores/as de cada ciclo/nivel realizarán o seguimento do desenvolvemento do PAT.

Ao finalizar o curso escolar farase unha avaliación e elaborárase unha memoria final sobre o seu desenvolvemento. Nesta memoria recollerase de xeito sintético as observacións realizadas polos titores/as e outros axentes implicados, sobre aqueles aspectos que funcionaron, dificultades atopadas, e aqueles que sexa preciso modificar. As conclusións obtidas teranse en conta para introducir as modificacións e axustes correspondentes no vindeiro curso.

- ✓ **CONCRECIÓN CURRICULAR EI/EP(Anexo 4)**
- ✓ **PROGRAMA DE ATENCIÓN A DIVERSIDADE (Anexo 5)**
- ✓ **PLAN DE IGUALDADE, CONVIVENCIA E BENESTAR (Dentro das NOFC)**
- ✓ **PROXECTO DE VIDA ACTIVA E DEPORTIVA (Anexo6)**
- ✓ **PROXECTO LECTOR DE CENTRO (Anexo 7)**
- ✓ **PROXECTO LINGÜÍSTICO (Anexo 8)**
- ✓ **PLURINFANTIL (Anexo 9)**
- ✓ **SECCIÓN BILINGÜE (Anexo 10)**
- ✓ **PLAN DE ACOLLIDA (Anexo 11)**
- ✓ **PLAN DIXITAL (Na seguinte ligazón que nos levará a Educabilidade da Xunta de Galicia:**

<https://www.edu.xunta.gal/educabilidade/BuscaPlanAction?codPlan=1&codConvocatoria=132&codCentro=15032571>

4. DIFUSIÓN, REVISIÓN E AVALIACIÓN DO PE

O Proxecto Educativo de Centro (PEC) será difundido a través da páxina web do centro, no apartado de Documentos de Centro, para a súa consulta por parte de toda a comunidade educativa.

Será revisado sistematicamente ao principio de cada curso escolar xa que PXA é a concreción anual do PE. Cómpre ter en conta que para acadar unha liña educativa coherente os cambios deben ser mínimos, pois os procesos educativos precisan de longos períodos de tempo para se consolidar. No caso de que teña que ser modificado, farase ao inicio de cada curso coas propostas do claustro e será levado ao Consello Escolar para a súa aprobación. Así mesmo será revisado, e se é preciso modificado, cando o solicite algún membro do Consello Escolar.

Realizarase a avaliación dos obxectivos propostos cada curso escolar, de cara á súa modificación e a establecer propostas de mellora para o seguinte curso. O procedemento para a avaliación do PE consiste na lectura do mesmo por parte da comisión de coordinación pedagóxica e recollida das propostas nunha acta que será

presentada ao claustro se é necesaria a súa modificación. Unha vez aprobada a modificación polo claustro será levada ao Consello Escolar para a súa aprobación.

A sistemática de traballo está procedimentado, e temos definidas as estratexias de difusión das actividades, metodoloxías que se traballan no centro. Elaboramos unha revisión do sistema anual e pasamos dúas auditorías ao longo do curso.

Para elo seguiremos a seguinte temporalización:

Setembro- Outubro	<ul style="list-style-type: none">- Revisión do PEC por parte do equipo directivo- Redacción da addenda ao mesmo.- Presentación ao claustro e ao Consello Escolar.- Revisión polo Consello Escolar.- Aprobación por parte do director- Envío dunha copia do mesmo ao Servizo de Inspección Educativa- Redacción do plan de igualdade
------------------------------	-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------

Este Proxecto Educativo de Centro foi informado e revisado polo Claustro en reunión celebrada o martes 17 de outubro do 2023 e en sesión posterior polo Consello Escolar en reunión celebrada o martes 17 de outubro de 2023 e aprobado pola directora do centro.

A secretaria do Consello Escolar

Asdo. Raquel García Fraga

Vº.Pce

A directora do CRA e presidenta do Consello Escolar

Asdo. Mª Elena García Iglesias